

EXAME AUXILIAR ADMINISTRATIVO SERVIZOS SOCIAIS

NOME:

DNI:

APELIDOS:

1.- Entre as competencias do Pleno da Deputación, non se atopa:

- a) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.
- b) A aprobación da plantilla de persoal, a relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios, e o número e réxime do persoal eventual.
- c) O plantexamento de conflitos de competencias a outras Entidades locais e demais Administracións públicas.
- d) Asegurar a xestión dos servizos propios da Comunidade Autónoma cuxa xestión ordinaria estea encomendada á Deputación.

2.- Pode a Administración desvincularse da súa práctica anterior ou precedente ao resolver un asunto novo e análogo a outro anterior?

- a) Se pode, pero debe motivalo.
- b) Si pode, sen ningún requisito.
- c) Non pode, o precedente vincúlalle en todo caso.
- d) Non pode, porque supoñería unha ruptura do principio de seguridade xurídica.

3.- O control das normas con rango de lei e aprobadas polas Comunidades Atónomas realízase, segundo sinálase na Constitución Española,

- a) Polo Tribunal Supremo.
- b) Polo Tribunal Constitucional
- c) Pola Xurisdición Contencioso - Administrativa.
- d) Polo Defensor do Pobo.

4.- Segundo o art. 3 da Carta Europea de Autonomía Local, por autonomía Local enténdese:

- a) O dereito e a capacidade efectiva das entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco e a Lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.
- b) O dereito das entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.
- c) O dereito das entidades locais de ordenar, promocionar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.
- d) A obriga das entidades locais de ordenar, promocionar, fomentar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.

5.- Tras a nova redacción do art. 25 da Lei de Bases de Réxime Local, son competencias propias dos municipios:

- a) A promoción e xestión de vivendas.
- b) A seguridade en lugares públicos.
- c) A prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.
- d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

6.- Segundo o art. 3.1. do Regulamento de Bens das Entidades Locais, son bens de uso publico:

- a) Os camiños, rúas e prazas.
- b) As Casas Consistoriais e os Palacios Provinciais.
- c) Os hospitais, hospicios e museos.
- d) Todas son verdadeiras.

7.- Conforme ao art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, son trámites do procedemento para a alteración da calificación xurídica dos bens locais:

- a) A información pública durante dous meses.
- b) Acordo de alteración aprobado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.
- c) Acta de recepción, previa, do ben en todo caso.
- d) A a) e a c) son verdadeiras.

8.- Segundo o art. 3 da Lei de Bases de Réxime Local, gozan, así mesmo, da condición de Entidades Locais:

- a) As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, instituídas polo Estado de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- b) Os consorcios Locais.
- c) As Mancomunidades de Municipios.
- d) b) e c) son correctas.

9.- O art. 142 da Constitución Española establece que:

- a) As Facendas Locais deberán dispoñer dos medios adecuados para o desempeño das funcións que a Lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente dos tributos propios e de participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas.
- b) As Facendas Locais deberán dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a Lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente dos tributos propios e de participación nos do Estado.
- c) As Facendas Locais non deberán dispoñer inicialmente dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a Lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente dos tributos propios e de participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas.
- d) As Facendas Locais deberán dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a Lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente dos tributos propios e de participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas.

10.- As áreas metropolitanas son:

- a) Entidades rexionais integradas polos Municipios de grandes aglomeracións urbanas entre cuxos núcleos de poboación existen vinculacións económicas e sociais que fagan necesaria a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras.
- b) Entidades locais integradas polas comarcas e os Municipios de grandes aglomeracións urbanas entre cuxos núcleos de poboación existen vinculacións económicas e sociais que fagan necesaria a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras.
- c) Entidades locais integradas polos Municipios de grandes aglomeracións urbanas entre cuxos núcleos de poboación existen vinculacións económicas e sociais que fagan necesaria a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras.
- d) Entidades rexionais integradas polas provincias de grandes aglomeracións urbanas entre cuxos núcleos de poboación existen vinculacións económicas e sociais que fagan necesaria a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras.

11.- O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso potestativo de reposición é de:

- a) Dous meses.
- b) Un mes.
- c) Tres meses.

d) Vinte días

12.- O recurso extraordinario de revisión resólvese por:

- a) O superior xerárquico que ditou o acto impugnado.
- b) A xurisdición contencioso -administrativa.
- c) O propio órgano que ditou o acto.
- d) O superior xerárquico do que o ditou ou polo propio órgano, dependendo do tempo transcorrido.

13.- Non esgotan a vía administrativa:

- a) Os acordo do Pleno.
- b) As resolucións do Alcalde.
- c) As resolucións dos recursos do alzada.
- d) Os acordos dos órganos que teñan superior xerárquico.

14.- Os Decretos-Leis:

- a) Son unha norma con rango de Lei que aproba o Goberno, previa delegación do Parlamento en casos de extraordinaria e urxente necesidade.
- b) Son unha norma con rango de Lei que aproba o Goberno, sen delegación previa do Parlamento, aínda que unha vez aprobados deben ser sometidos a debate e votación da totalidade ao Congreso dos Deputados.
- c) Son unha norma con rango de Lei que aproba o Goberno en casos de extraordinaria e urxente necesidade, sen intervención previa nin posterior do Parlamento.
- d) Son unha norma con rango de Lei que aproba o Goberno, previa delegación do Parlamento en casos de extraordinaria e urxente necesidade, e que unha vez aprobados deben ser sometidos a debate e votación de totalidade ao Congreso dos Deputados.

15.- Requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción de acordos nas seguintes materias:

- a) Aprobación e modificación do regulamento orgánico propio da corporación.
- b) Creación, modificación ou fusión de mancomunidades ou outras organizacións asociativas, así como a adhesión ás mesmas e a aprobación e modificación dos seus estatutos.
- c) Concesión de bens ou servizos por máis de catro anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento.
- d) Todas son correctas.

16.- De acordo coa Constitución Española, os Estatutos de Autonomía apróbanse por:

- a) Por unha Lei da correspondente Comunidade Autónoma.
- b) Por unha Lei Marco.
- c) Por unha Lei Orgánica.
- d) Por unha Lei Ordinaria.

17.- Cal é o órgano ou autoridade que ten competencia para resolver os conflitos interministeriales na Administración Xeral do Estado?.

- a) O Consello de Ministros.
- b) Os ministros implicados no conflito.
- c) O Presidente do Goberno.
- d) As comisións delegadas do Goberno.

18.- Segundo o Art. 84 da Lei de Bases do Réxime Local, as Entidades locais poderán intervenir a actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios:

- a) Ordenanzas e bandos.
- b) Sometemento a control posterior ao comezo da actividade, a efectos de verificar o cumprimento da normativa reguladora da mesma.

c) Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición do mesmo.

d) Todas son correctas.

19.- Segundo o art. 92 da Lei de Bases de Réxime Local:

a) Os funcionarios ao servizo da Administración local réxense, no non disposto nesta Lei, pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pola restante lexislación do Estado en materia de función pública, así como pola lexislación das Comunidades Autónomas, nos termos do artigo 148.1.18.ª da Constitución.

b) Os funcionarios ao servizo da Administración local réxense, no non disposto nesta Lei, pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, polo Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, así como pola lexislación das Comunidades Autónomas, nos termos do artigo 149.1.18.ª da Constitución.

c) Os funcionarios ao servizo da Administración local réxense, no non disposto nesta Lei, pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pola restante lexislación do Estado en materia de función pública, así como pola lexislación das Comunidades Autónomas, nos termos do artigo 149.1.18.ª da Constitución.

d) Os funcionarios ao servizo da Administración local réxense, ademais do disposto nesta Lei, pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pola restante lexislación do Estado en materia de función pública, así como pola lexislación das Comunidades Autónomas, nos termos do artigo 149.1.18.ª da Constitución.

20.- Segundo as Lei de Bases de Réxime Local:

a) O persoal ao servizo das entidades locais estará integrado por funcionarios de carreira, contratados en réxime de dereito laboral e persoal eventual que desempeña postos de confianza ou asesoramento especial.

b) O persoal ao servizo das entidades locais estará integrado por funcionarios de carreira, contratados en réxime de dereito laboral e persoal eventual que desempeña postos de confianza ou asesoramento especial e persoal directivo.

c) O persoal ao servizo das entidades locais e os seus organismos autónomos, estará integrado por funcionarios de carreira, contratados en réxime de dereito laboral e persoal eventual que desempeña postos de confianza ou asesoramento temporal.

d) O persoal ao servizo das entidades locais estará integrado por funcionarios de carreira, interinos, contratados en réxime de dereito laboral fixos e indefinidos e persoal eventual que desempeña postos de confianza ou asesoramento especial.

21.- Segundo o Art. 32 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, son causas de nulidade de dereito administrativo:

a) As indicadas no artigo 62.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

b) A falta de capacidade de obrar ou de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, debidamente acreditada, do adxudicatario, ou o estar este incurso nalgunha das prohibicións para contratar.

c) A carencia inicial de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou nas normas orzamentarias das restantes Administracións Públicas suxeitas a esta Lei, salvo os supostos de emerxencia.

d) a) e b) son correctas.

22.- A actividade de intervención das Entidades Locais axustarase en todo caso:

a) Aos principios de igualdade de trato, e proporcionalidade co fin que se persegue.

b) Aos principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade co obxecto que se persegue.

c) Aos principios de necesidade e proporcionalidade co obxecto que se persegue.

d) Aos principios de igualdade, necesidade e progresividade.

23.- Segundo o artigo 7 da Lei de Bases de Réxime Local, as competencias das entidades locais son:

- a) Propias ou compartidas.
- b) Atribuídas por delegación ou concorrentes.
- c) Propias ou atribuídas por delegación.
- d) Propias, atribuídas por delegación ou compartidas.

24.- A condición de veciño adquirese:

- a) Transcorridos 10 días desde a inscrición no Padrón.
- b) Unha vez que se confirma a baixa do municipio de procedencia.
- c) Desde o día seguinte á súa inscrición no Padrón.
- d) No mesmo momento da súa inscrición no Padrón.

25.- Non poderá crearse unha comarca lla iso opóñense expresamente:

- a) As dúas quintas partes dos municipios que deberan agruparse nela.
- b) As dúas terceiras partes dos municipios que deberan agruparse nela.
- c) A metade dos municipios que deberan agruparse nela.
- d) As tres quintas partes dos municipios que deberan agruparse nela.

26.- Entre os Dereitos Fundamentais enumerados na Constitución Española de 1978, non se atopa:

- a) A produción e creación literaria, artística, científica e técnica.
- b) A liberdade de cátedra.
- c) O dereito á herdanza.
- d) Todos son dereitos fundamentais.

27.- O dereito para acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, está recollido na Constitución Española no artigo:

- a) 24.
- b) 23.
- c) 25.
- d) 26.

28.- Dos 12 membros do Tribunal Constitucional, o Goberno propón:

- a) Ningún.
- b) catro.
- c) Dous.
- d) Tres.

29.- O Presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, o é tamén:

- a) Do Tribunal Constitucional.
- b) Do Consello de Estado.
- c) Da Audiencia Nacional.
- d) Do Tribunal Supremo.

30.- As eleccións ás Cortes Xerais terán lugar entre:

- a) os trinta días e sesenta días desde a terminación do mandato.
- b) os trinta días e setenta días desde a terminación do mandato.
- c) Corenta e cinco días desde a terminación do mandato.
- d) Trinta días desde o Real Decreto de convocatoria.

31.- Ante quen responde o goberno solidariamente na súa xestión política?

- a) Ante as Cortes Xerais.
- b) Ante o Congreso dos Deputados.
- c) Ante o Tribunal Constitucional.
- d) Ante a Xurisdición Contencioso - Administrativa.

32.- Segundo a LBRL son órganos competentes para a imposición de sancións disciplinarias aos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional os seguintes:

- a) O Ministro de Facenda e Administracións Públicas, cando a sanción que recaia sexa por falta moi grave, tipificada na normativa básica estatal.
- b) A Comunidade Autónoma, cando se trate de impoñer sancións de suspensión de funcións e destitución, non comprendidas no parágrafo anterior.
- c) O órgano local competente, cando se trate de impoñer sancións por faltas leves.
- d) Todas son correctas

33.- Indica cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) As sesións plenarias convocaranse, polo menos, con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que o foran con carácter urxente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada pola Xunta de Goberno Local.
- b) As sesións plenarias convocaranse, polo menos, con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que o foran con carácter urxente
- c) As sesións plenarias convocaranse, polo menos, con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que o foran con carácter urxente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Secretario da Corporación.
- d) As sesións plenarias convocaranse, polo menos, con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que o foran con carácter urxente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Pleno.

34.- Segundo o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, estas son algunhas das situacións en que poden acharse os funcionarios de carreira da Administración local . Indica cal non é correcta:

- a) Servizo activo.
- b) Servizo en Comunidades Autónomas.
- c) Suspensión
- d) Separación do servizo

35.- A Escala de Administración Especial dos funcionarios de carreira divídese nas Subescalas seguintes:

- a) Especial
- b) Persoal de Oficios.
- c) Auxiliar
- d) Policía local

36.- Segundo o Estatuto Básico do empregado público, cal dos seguintes dereitos dos empregados públicos non se consideran individuais?:

- a) Á libre asociación profesional
- b) Ao de reunión, nos termos establecidos no artigo 46 deste Estatuto.
- c) Á liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico.
- d) A recibir protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

37.- Cal das seguintes condutas considérase unha falta grave para un funcionario?

- a) A obstaculización do dereito de folga
- b) A terceira falta inxustificada nun período de dous meses
- c) A falta de asistencia un día
- d) O atentado grave á dignidade dos funcionarios.

38.- ¿ Cal dos seguintes elementos non é configurador da relación de servizos que establece unha entidade local con su persoal funcionario?

- a) Sometemento ao dereito laboral

- b) Vinculación
- c) Retribución con cargo á entidade
- d) Profesionalidade

39.- Cal das seguintes causas non o é de perda da condición de funcionario?

- a) A renuncia
- b) A sanción disciplinaria de separación do servizo
- c) A sanción disciplinaria de suspensión en firme
- d) A xubilación voluntaria.

40.- Segundo o artigo 22 da Constitución Española, que asociacións están prohibidas?

- a) As asociacións ilegais e as paramilitares
- b) As asociacións paramilitares e as secretas
- c) As asociacións paramilitares, ilegais e secretas
- d) As asociacións secretas e as ilegais

PREGUNTAS RESERVA

1.- O réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración local é o establecido con carácter xeral para a función pública en :

- a) A Lei 53/1984, do 26 de decembro
- b) A Lei 53/1994, do 26 de decembro
- c) A Lei 54/1983, do 26 de novembro
- d) A Lei 53/1984, do 26 de novembro

2.- Que artigo da Constitución conclúe o Título dedicado á Coroa?

- a) O artigo 66
- b) O artigo 64
- c) O artigo 63
- d) O artigo 65

3.- Cal é a regra xeral do réxime de adopción dos acordos do Pleno?

- a) Maioría de 1/3
- b) Maioría de 2/3
- c) Maioría simple
- d) Maioría absoluta